

CONVOCATORIA CURSO ÁRBITRO VOLEIBOL NIVEL I

A Federación Galega de Voleibol, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, convoca o curso de Árbitro de Voleibol Nivel I.

Dentro do programa formativo do C.T.G.A. e da propia Federación convocase o curso de iniciación a arbitrase. Dentro das funcións atribuídas o Comité, propónse a Xunta Directiva de esta Federación e o Sr. Presidente a celebración de este curso para aumentar o membros do estamento e poder así cumprir coas obrigas do Comité en canto a nomeamento en todos os encontros e a propias necesidades das Competicións Autonómicas.

PLAN DE ESTUDOS

As materias que se impartirán durante o curso son as seguintes:

- Regulamento Comentado
- Técnica arbitral
- Técnica de anotación e acta electrónica
- Táctica aplicada a arbitrase
- Metodoloxía na arbitrase
- Normativa autonómica e nacional
- Psicoloxía na arbitrase
- Muller e deporte

O total de horas do curso é de 25 horas, repartidas en 3 días de clases e titorías.

DATAS E HORARIOS DE CELEBRACIÓN

As datas de celebración son os días 8, 9 e 10 de setembro (3 días).

Os horarios serán:

- Venres 8 de setembro: de 19:00 a 21:30 horas (2,5 horas)
- Sábado 9 de setembro: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas (10 horas)
- Domingo 10 de setembro: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas (10 horas)

FORMATO DO CURSO

O curso terá formato mixto, cunha parte a distancia e outra presencial, polo que os participantes terán que ter obrigatoriamente un enderezo electrónico e dispor de un ordenador ou ferramenta similar dotado de conexión a internet, micrófono e altosfalantes / auriculares e cámara de vídeo. A ferramenta utilizada será Zoom, de balde en todas as plataformas.

Os participantes deberán estar conectados durante a duración das clases, coa cámara activada e deberán responder as peticións que o profesorado lle poda dirixir.

A parte presencial será no Complexo Deportivo de Elviña, sito na Coruña.

PROFESORADO DO CURSO

O Curso será impartido por árbitros Nivel III con experiencia na competición de carácter nacional e autonómico.

CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO APTO

Para poder obter a cualificación de apto e así ter o curso pasado, é preciso cumprir os seguintes criterios:

- Ter asistido o 100% das clases.
- Presentar os traballos que soliciten o profesorado.
- Ter superado o total das materias impartidas.
- Realizar encontros de práctica, amigables ou de competición oficial, nas condicións que o Regulamento do C.T.G.A. establece.

INSCRICIÓN NO CURSO

As persoas interesadas en participar no curso deben ser maiores de 16 anos ou cumprilos durante o 2023.

Para formalizar a inscrición, débese enviar o modelo G-13 II que se atopa publicado no apartado de descargas de FGVb, e envíalo cumprimentado a conta de correo de arbitros@volei.gal antes do día 7 de setembro as 13:00 horas.

O custe do curso é de 75,00€ por asistente. O ingreso farase na conta da Federación Galega de Voleibol:

Banco de Sabadell
ES71 0081 0499 6400 0137 8440

Xunto co modelo G-13 II deberase axuntar o xustificante de ingreso.

CANCELACIÓN DO CURSO

A Federación Galega de Voleibol reservase o dereito a suspender o curso, por falta de participación ou calquera outra circunstancia que poida impedir a súa correcta organización. En tal caso, informarase do feito os inscritos e faranse os abonos das cotas xa abonadas, sen que proceda calquera outra indemnización.